

O Tournal

Toural, 7

36141 Vilaboa, Pontevedra

Teléfono: 669 452 991



INFORMACIÓN XERAL

Atención ao público e outra información de interese

- Dentro da carta dispón de pratos para celíacos, diabéticos e vexetarianos.
- A carta está redactada con letra pequena, non dispoñen de carta alternativa con textos en maior dimensión, fotos ou braille.
- Non dispoñen de persoal con coñecemento da lingua de signos.
- Permítese o acceso con can guía e/ou asistencia.
- Non dispoñen dun plan de evacuación para persoas con discapacidade.

Acceso e zona de atención ao público

- Non existe transporte público con frecuencia suficiente na zona.
- Na contorna existen varias zonas de aparcadoiro, algunhas delas sen pintar. Non existen prazas reservadas para PMR.
- No acceso á parcela existe un pequeno rebaixe de 6cm de ancho.
- O itinerario ata o establecemento é sen pendente e con pavimento en bo estado.
- Porta batente ao exterior cun ancho de paso de 110cm.
- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.
- A barra ten unha soa altura a 110cm.

ACCESIBILIDADE FÍSICA

BAR

Localización e itinerario

- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.

Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é maior de 120cm.
- A barra ten unha soa altura a 110cm, non existe posibilidade de aproximación en cadeira de rodas.
- Asentos móbiles con respaldo en barra de 77 cm de altura.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerario

- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado. Existen dúas zonas de comedor, unha en zona de barra e a outra en zona interior.

Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é maior de 120cm.
- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.
- Mesas cadradas e rectangulares, algunha delas dispón de bancos corridos sen respaldo.
- Alto de mesa de 76 cm e altura baixo a mesa de 65cm. Ancho inferior nas mesas máis variable.

ASEO ADAPTADO

Localización e itinerario

- Situado preto da zona da barra. Itinerario sen desniveis e en bo estado.
- Aseo adaptado dentro da cabina masculina.

Entrada ao aseo

- Sinalización exterior sen SIA.
- Porta corredía con ancho de paso de 80cm.
- Apertura mediante tirador vertical.

Cabina

- Mecanismo de peche de pequena dimensión non manipulable co puño pechado ou co cóbado.
- Diámetro viro libre de obstáculos 150cm no exterior e 130 no interior. Aproveitando o oco baixo lavabo conséguese un diámetro de 150cm.
- Control de iluminación mediante interruptor..
- Carece de sistema de alarma.

Lavabo

- Lavabo dentro da cabina, colocado xunto a esquina.
- Billa monomando centrado ao lavabo.
- Espello fixo con bordo inferior a 90cm de altura.
- Altura superior de 85cm e inferior libre de 78. Fondo libre de 44cm e ancho de 100cm.
- Dispón de dispensador de xabón a 102cm de altura e de toallas de papel a 133cm.

Inodoro

- A aproximación frontal ten unha amplitude de 133cm.
- Conta con espazo de transferencia dereito reducido pola presenza dun urinario que sobresa 25cm da parede. O ancho do espazo é de 81cm.
- Barra abatible ao lado dereito a unha altura de 76cm.
- A altura de uso do asento, inodoro máis táboa, é de 42cm
- Mecanismo de descarga de pequena dimensión sobre cisterna. Non se pode activar co cóbado o puño pechado e require un esforzo baixo.

ACCESIBILIDADE VISUAL

BAR

Localización e itinerarios

- Barra fronte á zona de acceso. Mesas con cadeiras na contorna colocadas de forma regular, permitindo un acceso libre á barra maior de 120cm.

Características

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave. A barra conta con iluminación identificativa.

SALÓN COMEDOR

Localización e itinerarios

- As primeiras mesas atópanse á dereita da zona de acceso. Desde ese punto accédese ao comedor interior. Colocación regular do mobiliario.

Características

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave.
- As mesas contan con cor contrastada

Aseos

- Carecen de sinalización en braille e alto relevo

- A cor dos elementos destaca con respecto a paredes e chan.
- En caso de emerxencia, a alarma é audible desde a zona de aseos.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

BAR

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades auditivas.

SALÓN COMEDOR

- Dispón de carta escrita con letra de pequena dimensión.
- Non dispoñen de persoal signante nin zona de indución magnética.

ASEO

- Están sinalizados.
- Nas cabinas, o pasador fixo non ten un sistema exterior indicando estado de libre ou ocupado.
- A porta non ten a parte inferior libre para ver se hai alguén dentro da cabina.
- En caso de emerxencia, non conta con sistema de alarma visual.

OUTRAS ESTANCIAS E SERVIZOS

ESTANCIA	LOCALIZACIÓN	ITINERARIO	CARACTERÍSTICAS
Terraza	Zona acceso		<p>Na zona de acceso á parcela, dispón de diferentes zonas con mesas, cadeiras e bancos corridos.</p> <p>Mobiliario de diferentes características, tanto en mesas como cadeiras.</p> <p>Pavimento de formigón rugoso en bo estado.</p> <p>Existen pequenos resaltes puntuais.</p> <p>Parte da terraza atópase pechada con toldo vertical, existe un desnivel de 4cm co resto da zona que se resolve mediante pequena rampla con pouca pendente.</p>